

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Secretaría Xeral

Aprobación definitiva da ordenanza núm. 33 reguladora do prezo público pola prestación do servizo de prazas de titularidade municipal do Centro de Atención Residencial, patrimonio do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do CD Arteixo

ANUNCIO

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA Nº 33 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACION DO SERVIZO DE PRAZAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CENTRO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL, PATRIMONIO DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR DO CONCELLO DE ARTEIXO

O Pleno deste Concello, na sesión celebrada o día 14 de maio de 2018, aprobou provisionalmente a “Ordenanza nº 33, Reguladora do prezo público pola prestación do servizo de prazas de titularidade municipal do centro de atención residencial, patrimonio do consorcio galego de servizos de igualdade e benestar do concello de Arteixo”.

Durante o período de exposición pública non se presentaron reclamacións, polo que se eleva a definitivo o acordo de aprobación provisional, e publícase o texto definitivo da Ordenanza. Todo isto de conformidade co previsto no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

De conformidade co establecido no art. 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, contra dito acordo, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

ORDENANZA Nº 33 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACION DO SERVIZO DE PRAZAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CENTRO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL, PATRIMONIO DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR DO CONCELLO DE ARTEIXO

ARTIGO 1. OBXECTO

De conformidade co previsto nos artigos 41 e 127 do R.D. lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e en exercicio da potestade regulamentaria recoñecida ao Concello de Arteixo, na súa calidade de Administración Pública Territorial, polos artigos 4, 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, esta ordenanza ten por obxecto establecer o prezo público pola prestación de servizos nas Prazas do Centro do Consorcio, no concello de Arteixo.

A tramitación dos expedientes correspóndelle ós Servizos sociais comunitarios como órgano instrutor.

O órgano competente para ditar resolución será a Alcaldía-Presidencia, que pode delegar de conformidade co disposto no artigo 21.3º da Lei 7/1985, do 2 de abril, e no artigo 61.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible, a estancia efectiva no Centro das persoas usuarias (Usuarias en diante) que acceden mediante esta Praza, e que comprenderá a prestación dos servizos básicos descritos no artigo 5 da ordenanza municipal reguladora, na modalidade de estancia permanente e temporal.

Este prezo non comprenderá os servizos complementarios ou optativos susceptibles de pago adicional.

ARTIGO 3. OBRIGADAS/OS AO PAGAMENTO

Están obrigadas ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza, as persoas físicas usuarias da Praza e, no seu caso, quen as represente.

ARTIGO 4. DEVENGO DA OBRIGA

1. A obriga de contribuír nace dende a data de ingreso na Praza do Centro, que deberá efectuarse no período conferido na Ordenanza reguladora de aplicación. No caso contrario, entenderase que renuncia a esta.

2. Esixírase o depósito previo equivalente a unha (1) cota mensual das que lle puidese corresponder, en concepto de fianza, que se pagará ó Concello de Arteixo. O depósito da fianza é preceptivo para o ingreso na residencia e no caso de non efectuarse, entenderase que desiste da Praza.

Este depósito devolveráselle á usuaria no caso de extinción do servizo, unha vez deducidas aquelas cantidades pendentes de cobro. No caso de extinción sen a antelación prevista na Ordenanza reguladora do servizo, dará lugar á non devolución desta fianza.

ARTIGO 5. NORMAS XERAIS DE APLICACIÓN

1. O réxime económico polas estancias que se regulan na presente ordenanza será o seguinte:

a. A determinación da capacidade económica e o cálculo do copagamento realizarase conforme o Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, modificado polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro. Este cálculo será provisional ata a resolución do Plan Individual de Atención pola Xunta de Galicia (PIA en adiante), sendo este último de aplicación obrigada.

b. Na modalidade de estancia permanente de persoas sen grado de dependencia (Persoas sen grado en adiante) e de estancia temporal, para o cálculo do copagamento, considerarase o determinado nesta ordenanza municipal.

c. Cando a solicitante veña cunha acompañante, a cota de copagamento fixarase individualmente, obtendo cada unha a condición de usuaria do servizo ou residente para os efectos desta ordenanza.

ARTIGO 6. XESTIÓN ORDINARIA DO COBRO DA COTA

1. O Concello de Arteixo cobrará a cota mensual ás persoas usuarias mediante cargo bancario, para o cal será obrigatorio que designen unha conta bancaria no impreso normalizado. Non se aceptará outro tipo de pago que non sexa a través do abono bancario.

2. A liquidación realizarase a mes vencido.

3. No suposto de devolución do recibo bancario, por causas alleas ao Concello, requirirase á usuaria ou a quen a represente, o ingreso do importe da débeda.

4. Transcorrido o período voluntario de ingreso sen que se pagase a obriga, a recadación efectuarase de modo coercitivo mediante o procedemento de constrinximento.

5. Acumulados dous (2) recibos pendentes de cobro, a usuaria causará baixa definitiva da Praza, emitíndose o correspondente Informe ditame para a resolución, por incumprimento da súas obrigas.

ARTIGO 7. EXCEPCIÓNS NA XESTIÓN ORDINARIA DO COBRO DA COTA

1. Cando o servizo sexa dispensado con intensidades inferiores ao mes completo, agás para os supostos de ausencia con dereito a reserva, o copagamento calcularase proporcionalmente aos días de asistencia.

2. No caso de extinción voluntaria do servizo, a usuaria deberá avisar ó Consorcio cos días de antelación previstos no seu regulamento de Réxime interno (Regulamento en adiante). No caso de non producirse dito aviso, o Concello cobrará o mes completo (30 días).

3. Para facer efectivo o cobro, o Consorcio deberá remitir aos Servizos sociais comunitarios ao longo dos primeiros cinco (5) días de cada mes, os datos necesarios para efectuar o cálculo do importe a liquidar, de modo que para que se axuste á realidade, teranse en conta as incidencias comunicadas, e tomarase como referencia, a base establecida no Regulamento e nos Manuais do Consorcio vixentes.

4. Se as persoas obrigadas non perciben ningún tipo de ingreso económico mensual, non estarán obrigadas ao pago da cota ata que lles sexa tramitada a prestación económica que lle corresponda, e esta resulte aprobada.

Se a pensión ou prestación se recoñece con carácter retroactivo, deberá pagar a cota dende o día que se lle resolveu, sen prexuízo do disposto nos artigos de determinación de copagamento tanto para estancia permanente como temporal.

Exceptúase deste réxime aquela usuaria que, aínda sen recibir pensión ou prestación de ningunha clase, dispoña de calquera tipo de renda, produto ou patrimonio cuxo valor sexa igual ou supere o importe establecido como límite para a exención do pago para cada modalidade de estancia descrito nesta ordenanza.

ARTIGO 8. RESERVA DE PRAZA E AUSENCIAS DO CENTRO.

Conforme as causas xustificadas establecidas na normativa en vigor, as persoas usuarias do servizo poderán ausentarse por un período consecutivo segundo o descrito no Regulamento do Centro. Durante este período terán dereito a unha reserva de Praza.

O prezo das prazas reservadas será o 40 por 100 do importe por estancia ordinaria, durante o tempo que dure a ausencia e a partir dos días que establece dito Regulamento.

O non pagamento das cantidades correspondentes á reserva da Praza computará como recibo pendente de cobro aos efectos do regulado no artigo 6.5 desta ordenanza.

Pasado o período establecido no Regulamento do Centro sen ocupar a Praza, agás o determinado para as ausencias forzosas transitorias, perderase a reserva causando baixa definitiva, e será posta a disposición do Concello de Arteixo para unha nova asignación.

ARTIGO 9. DA CAPACIDADE ECONÓMICA

1. A administración municipal, en todo momento, terá facultade de verificar os datos achegados polas interesadas. O Concello poderá comprobar de oficio a acreditación dos requisitos da capacidade económica, sen prexuízo de poder requirir á interesada calquera outra documentación necesaria para completar esta verificación, dentro dos termos que a normativa en materia de protección de datos persoais así o permita.

2. Así mesmo, poderá verificar a información ofrecida polas titulares do dereito, mediante a obtención de datos de carácter económico que sobre elas exista nas distintas administracións, rexistros públicos ou calquera outro organismo competente.

3. No caso de que exista diferenza entre a información económica fornecida e a obtida pola Administración pública, utilizarase esta última para a determinación da capacidade económica, sen prexuízo de que a interesada poida iniciar as accións oportunas para corríxila, se estivera fundamentada.

4. A ocultación ou falsificación de datos sobre a capacidade económica poderá dar lugar á suspensión temporal ou á extinción do servizo, ademais das responsabilidades de calquera outro tipo en que puidese incurrir a usuaria.

5. No suposto de que se concluíra que os datos achegados, declaracións ou certificados presentan datos incorrectos ou falseados, o Concello de Arteixo, promoverá o correspondente expediente sancionador, de acordo ca Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común, e comunicará a obriga do pagamento dos importes que se deben conforme á súa correcta capacidade económica. Os importes que se deben serán requiridos consonte á normativa reguladora prevista para tales efectos no réxime xurídico de aplicación.

ARTIGO 10. REGLAS PARA A DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA

1. A capacidade económica persoal da usuaria será a súa renda modificada á alza pola suma dun 5 por 100 do seu patrimonio neto a partir dos 65 anos, dun 3 por 100 aos menores de 65 anos, e dun 1 por 100 aos menores de 35 anos.

2. O período que se computará na determinación da renda e do patrimonio será o do último exercicio fiscal cuxo período de presentación da declaración vencese na data de presentación da solicitude.

3. Non obstante o disposto no punto anterior, cando a capacidade económica da usuaria só proveña da percepción de pensións, prestacións ou subsidios públicos, o período que se computará na súa determinación, será o do exercicio en que se presente a solicitude.

4. A capacidade económica da usuaria determinarase en cómputo anual, sen prexuízo de que para o cálculo do copagamento se compute en termos mensuais, para o cal, calcularase como a doceava (12ª) parte da súa capacidade económica anual.

5. Para a determinación da capacidade económica da usuaria, terase a en conta a situación económica acreditada pola interesada na documentación presentada para a iniciación do procedemento, consonte ao establecido na ordenanza municipal reguladora do servizo. Para estes efectos, se a usuaria se atopa no suposto previsto no apartado 3 deste artigo, a exigencia do requisito de presentación de declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF en adiante), será substituída pola presentación de certificación actualizada das pensións, prestacións ou subsidios públicos das cales sexa perceptora.

6. A resolución de concesión de Praza recollerá expresamente a capacidade económica e o copagamento da usuaria polo servizo.

ARTIGO 11. NORMAS DE VALORACIÓN DA RENDA

1. Para a valoración da Renda computaranse no exercicio fiscal que se vai considerar, a totalidade de ingresos netos da usuaria derivados tanto do traballo como do capital, así como calquera outro substitutivo daqueles, segundo os criterios de valoración establecido pola Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposte sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF en adiante), ou se é o caso, ás normas fiscais que poidan ser de aplicación.

2. Cando a usuaria opte por presentar a declaración do IRPF de forma conxunta, ou nos casos de usuarias con cónxuxe en réxime de gananciais ou participación de bens, a súa renda final virá determinada polo cociente de dividir entre dous (2) a suma dos ingresos de ambas as dúas (2) integrantes da parella. Para o caso de parellas de feito rexistradas aplicarase o establecido nos pactos entre as partes que rexen as súas relacións económicas.

3. Así mesmo, computaranse as rendas dos seguros privados de dependencia a que se refire o artigo 51.5 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do IRPF.

4. Nos ingresos da usuaria non se terán en consideración como renda a contía das prestacións de análoga natureza e finalidade recollidas no artigo 31 da Lei 39/2006, do 14 de decembro.

Ditas prestacións, do apartado anterior, sumaranse á contía calculada de acordo cos criterios de participación do servizo ata o 100 por 100 do custo de referencia deste.

5. Non serán obxecto de cómputo, para os efectos de determinación de capacidade económica da usuaria, as axudas económicas establecidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, nin as recollidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro.

6. Cando a usuaria teña persoas a cargo, a súa renda incrementárase no importe das rendas do resto que dependen economicamente dela e o resultado obtido dividirase entre o número total de persoas.

Non obstante, cando a usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito rexistrada que non dependa economicamente dela, e sempre que non presentasen de forma conxunta a declaración do IRPF, no cómputo do apartado anterior só se integrarán as rendas da usuaria e das persoas que dependen economicamente dela e o resultado dividirase entre o número total de persoas, computando as que están a cargo, a razón de 0,5.

No caso de que presenten a declaración conxunta do IRPF, o importe total das rendas derivadas da declaración conxunta e mais, de ser o caso, das rendas das persoas a cargo da parella, dividirase polo número total de persoas.

ARTIGO 12. DA PERSOA A CARGO DA USUARIA

1. Considéranse persoas a cargo da usuaria, as seguintes:

a. Cónxuxe ou parella de feito rexistrada como tal.

b. Descendentes da usuaria ou persoas vinculadas a ela por razón de tutela e /ou acollemento, menores de vinte e cinco (25) anos ou maiores de tal idade en situación de dependencia ou con discapacidade ou incapacitadas xudicialmente sometidas a patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

c. Ascendentes da usuaria ou da cónxuxe ou parella de feito rexistrada como tal, maiores de sesenta e cinco (65) anos ou calquera que sexa a súa idade, sempre que teñan recoñecido o grado de discapacidade igual ou superior ao 33 por 100.

2. Para seren persoas a cargo da usuaria deberán cumprir estes catro (4) requisitos:

a. Que as súas rendas anuais (excluídas as exentas nesta ordenanza) non superen o importe fixado na normativa reguladora do IRPF para ter dereito a aplicación do mínimo por descendentes ou por ascendentes.

b. Que non presentasen declaración polo dito imposto con rendas superiores ao importe sinalado nas normas comúns para a aplicación do mínimo por descendentes ou por ascendentes na normativa do IRPF.

c. Que estean empadroadas no domicilio da usuaria cando menos un (1) ano antes da solicitude.

d. Que convivan coa usuaria como mínimo cento oitenta tres (183) días no ano natural.

ARTIGO 13. NORMAS PARA A VALORACIÓN DO PATRIMONIO NETO

1. Computaranse o conxunto de bens e dereitos de contido económico titularidade da usuaria do servizo, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder.

2. Nos supostos de co titularidade, só se terá en conta a porcentaxe correspondente á propiedade da usuaria.

3. Unicamente se computará a vivenda habitual, no caso de que a usuaria reciba o servizo de atención residencial permanente e non teña persoas ao seu cargo que continúen residindo na devandita vivenda. Neste caso, o valor que se computará será o valor catastral da vivenda ou, na súa falta, o valor escriturado, aplicada a exención que por vivenda habitual establececese para o caso, a normativa do imposto sobre o Patrimonio. Para estes efectos enténdese por persoa a cargo as conceptuadas nesta ordenanza no artigo 12.

4. Computaranse en todo caso as disposicións patrimoniais realizadas pola usuaria nos catro (4) últimos anos anteriores á presentación da solicitude, tanto se son a título oneroso como gratuito, a favor da cónxuxe, persoa con análoga relación de afectividade á cónxuxe, ou parentes ata o cuarto (4º) grado inclusive, nos termos e segundo as normas contidas na disposición adicional quinta da Lei 41/2007, do 25 de marzo, de regulación do mercado hipotecario e outras normas do sistema hipotecario e financeiro, de regulación das hipotecas inversas e os seguros de dependencia e pola que establece determinada norma tributaria.

5. Para os efectos de valoración do patrimonio non se computarán na determinación deste, nin o enxoval doméstico nin os bens e dereitos achegados a un patrimonio especialmente protexido dos regulados pola Lei 41/2003, do 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade, do que sexa titular a usuaria mentres presente tal afección. Non obstante si se computarán, na valoración da renda, as derivadas de dito patrimonio que non se integren nel.

ARTIGO 14. DETERMINACIÓN DO COPAGAMENTO NA MODALIDADE DE ESTANCIA PERMANENTE PARA PERSOAS VALORADAS CON GRADO DE DEPENDENCIA

Para esta modalidade será de aplicación o sistema de cálculo directo sobre a capacidade económica da usuaria, que consistirá en practicar a porcentaxe sobre desta, que se estableza nos tramos indicados na táboa do Anexo desta ordenanza, sempre e cando non este aprobado o PIA para atención residencial pola Xunta de Galicia, o cal será de aplicación obrigada.

ARTIGO 15. DETERMINACIÓN DO COPAGAMENTO NA MODALIDADE DE ESTANCIA PERMANENTE PARA PERSOAS SEN GRADO E DE ESTANCIA TEMPORAL

Mentres non se regule expresamente o copagamento de servizos sociais dirixidos a persoas en situación de autonomía, as porcentaxes da participación económica no prezo da Praza regulada nesta ordenanza para as usuarias que accedan na modalidade de estancia permanente sen grado e de estancia temporal, serán o 75 por 100 da capacidade económica calculada en base a esta ordenanza.

ARTIGO 16. LÍMITES E MÍNIMOS VITAIS NO COPAGAMENTO DO SERVIZO

1. Para os efectos desta ordenanza, establececese como prezo de referencia do servizo o contido no Convenio asinado co Consorcio para o Concello de Arteixo e addendas posteriores que puideran asinarse.

2. A contía que resulte de aplicación dos coeficientes de copagamento pola usuaria, en ningún caso poderá exceder o 90 por 100 do prezo de referencia do servizo prestado.

3. Establécese como o mínimo vital dispoñible ou contía mínima para gastos persoais, que quedará integramente a disposición da usuaria, o importe equivalente ao 24 por 100 dos ingresos líquidos percibidos, calculados en cómputo anual.

Defínese como ingreso líquido o importe económico efectivo que percibe a persoa, unha vez realizados os descontos ou retencións que correspondan.

4. En calquera caso, garántase á usuaria unha dispoñibilidade mínima equivalente ao 19 por 100 do IPREM mensual que se incrementará nun 25 por 100 para as persoas con discapacidade recoñecida en concepto de costes adicionais asociados á discapacidade.

5. Cando a persoa obtivese ingresos iguais ou superiores ao importe íntegro, sen complemento, da Pensión non contributiva (PNC en adiante), prevista na Lei de orzamentos do Estado, e na vivenda habitual permanecesen o cónxuxe ou persoas a cargo segundo a normativa tributaria vixente, sempre e cando acreditasen non dispor de recursos económicos que superen o devandito importe, á usuaria garantiríase a contía íntegra da PNC que percibe.

ARTIGO 17. MODIFICACIÓN DO COPAGAMENTO

1. A cota a pagar poderá variar anualmente e dende principio do exercicio, segundo a modificación do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM en adiante) ou índice que o substitúa, ou, de ser o caso, pola publicación de normativas de rango superior que lle sexan de aplicación.

2. No primeiro trimestre de cada exercicio, os Servizos Sociais Comunitarios actualizarán de oficio a capacidade económica das usuarias e a nova cota a pagar, se é o caso, que para o previsto no artigo de devengo da obriga desta ordenanza, terá efectos económicos dende o un (1) de abril do ano en curso.

A estes efectos, en cada exercicio poderase requirir ás usuarias a presentación da documentación económica actualizada. No caso de non achegala o concello poderá proceder ao cobro da contía máxima prevista tanto na normativa como nesta ordenanza.

3. As persoas interesadas que se opoñan ou non autoricen aos Servizos sociais comunitarios para que consulten os arquivos públicos que consten nas distintas administracións, cada primeiro trimestre do ano, comunicarán a variación das circunstancias que serviron para o cálculo do copagamento anterior, e xuntarán a copia da resolución do PIA actualizado. De non existir PIA, presentarán:

a. Copia da declaración do IRPF correspondente ao último período en que finalizase o prazo de presentación.

b. De ser o caso, por ser o único ingreso que percibe, certificado de toda clase de pensións percibidas pola usuaria, pola cónxuxe ou parella de feito rexistrada, de ser o caso, e por todas aquelas que son computables (plans de pensións, seguros ou rendas de compensación).

c. Declaración do imposto de patrimonio da usuaria, da cónxuxe ou parella de feito rexistrada, de ser o caso, e de todas aquelas computables, ademais das Disposicións patrimoniais realizadas, nos que se detalle o conxunto da titularidade de bens e dereitos de contido económico.

4. As usuarias cuxa capacidade económica experimentase modificación durante o exercicio, deberán comunicalo ao concello no prazo dun mes (1), seguinte ao que ditas modificacións sucedesen, e aportar a documentación afectada pola variación.

Unha vez realizada a valoración da capacidade económica, produto da súa modificación, o órgano municipal ditará resolución de revisión e incluírá o novo copagamento, de ser o caso, producindo efectos desde a súa notificación, para o previsto no artigo de devengo da obriga desta ordenanza.

5. A non presentación da documentación ou a ocultación de información económica que deba ser tida en conta a efectos do cálculo da liquidación ou exención da estancia será causa de suspensión temporal ou extinción do servizo, e de apertura de expediente sancionador, segundo o previsto no artigo 9.4 e 9.5 desta ordenanza.

ARTIGO 18 . INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

En todo o relativo á clasificación das infraccións e sancións, estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto definitivo e teña transcorrido o prazo segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local.

ANEXO

BAREMO PARA DETERMINAR O COPAGAMENTO DA USUARIA NA MODALIDADE DE ESTANCIA PERMANENTE CON GRAO DE DEPENDENCIA:

| Capacidade económica (referida ó IPREM anual en vigor) | GRAO I | GRAO II | GRAO III |
|--|--------|---------|----------|
| Ata o 75% do IPREM | 70,00% | 72,66% | 74,24% |
| Ata o 82,50% do IPREM | 70,63% | 73,20% | 74,73% |
| Ata o 90,75% do IPREM | 71,32% | 73,80% | 75,28% |
| Ata o 99,83% do IPREM | 72,08% | 74,46% | 75,88% |
| Ata o 109,81% do IPREM | 72,92% | 75,19% | 76,54% |
| Ata o 120,79% do IPREM | 73,84% | 75,99€ | 77,26% |
| Ata o 132,87% do IPREM | 74,86% | 76,87% | 78,06% |
| Ata o 146,15% do IPREM | 75,97% | 77,84% | 78,94% |
| Ata o 160,77% do IPREM | 77,20% | 78,90% | 79,91% |
| Ata o 176,85% do IPREM | 78,55% | 80,07% | 80,97% |
| Ata o 194,53% do IPREM | 80,03% | 81,36% | 82,14% |
| Ata o 213,95% do IPREM | 81,66% | 82,77% | 83,43% |
| Ata o 235,38% do IPREM | 83,46% | 84,33% | 84,85% |
| Ata o 258,92% do IPREM | 85,44% | 86,04% | 86,40% |
| Ata o 284,81% do IPREM | 87,61% | 87,93% | 88,12% |
| Superior ao 284,81 % do IPREM | 90,00% | 90,00% | 90,00% |

Asinado en Arteixo a 14 de agosto de 2018

ALCALDE – PRESIDENTE

Por delegación 1336/2015

Asdo.-: Inés Ramos Álvarez

Concellería do Área de Benestar Comunitario

2018/6311